
RESUMO

Unidade 1: **ASPECTOS BÁSICOS DO MEDIO NATURAL**

“A complexidade da biosfera está construída sobre excrementos”
Euan Nisbet

Son moitos os que manteñen que o medio ambiente, o medio natural en definitiva, está de moda. Pero tamén son moitos os que falan do medio ambiente sen ter claro o que é nin o que comprende.

O medio ambiente está formado por un conxunto de compoñentes físicos, químicos, biolóxicos e sociais que son capaces de causar efectos directos ou indirectos, nun prazo curto ou longo, sobre os seres vivos e as actividades humanas.

Os compoñentes do medio natural son, polo tanto, de varios tipos: físicos, químicos, biolóxicos e sociais, sen esquecer en ningún momento o feito de que son as interaccións ou interrelacións entre os compoñentes do medio ambiente as que explican a súa dinámica e estrutura e as que fan que o seu estudo sexa moi complexo.

É moi importante ao falar do medio ambiente, ter en conta o chamado “efecto dominó”, xa que nos permitirá entender o seu funcionamento e, o que é moi importante, tratar os problemas medioambientais con rigor. Así, as consecuencias ou reaccións en cadea que se poden producir no medio natural como consecuencia de calquera intervención (natural ou provocada polas actividades humanas) sobre os compoñentes do medio natural é o que se coñece como “efecto dominó”. Hai moitos exemplos nos estudos medioambientais sobre as reaccións en cadea sobre o medio e sempre é moi importante ter en conta as repercusións das intervencións sobre o medio ambiente en todos os subsistemas terrestres.

Os estudos sobre o medio ambiente, debido precisamente á importancia que teñen as interrelacións entre os seus compoñentes, non deben levarse a cabo desde un punto de vista illado ou desde unha única disciplina científica. Deben ser sempre de tipo interdisciplinar e utilizando un enfoque holístico; é dicir, estudando sempre a globalidade, “o todo”, sen perder de vista as interrelacións entre as partes, pero sen profundizar nos seus detalles ou particularidades. Este tipo de análise trae como consecuencia a aparición das chamadas “propiedades emerxentes”, que non aparecerían se os estudos se fixesen desde un enfoque menos global e máis centrado nas diferentes partes, sen ter en conta a globalidade e as interrelacións entre os compoñentes.

Nos estudos medioambientais, a Terra é considerada como un sistema e, polo tanto, aplícanse os fundamentos da Teoría de Sistemas Dinámicos ou Teoría de Sistemas. Para levar a cabo os estudos do sistema Terra desde este punto de vista, é fundamental o uso de modelos, de modelos de sistemas. Estes modelos de sistemas poden ser de diferentes tipos (modelos de sistemas caixa negra, modelos de sistemas caixa branca) e o funcionamento da Terra, máis concretamente da súa máquina climática, pode estudarse desde os dous tipos de modelos de sistemas.

Hai moitos tipos de interaccións entre os subsistemas terrestres, aínda que ao falar do clima terrestre, as máis importantes son as seguintes:

- Efecto invernadoiro.
- Albedo.
- Nubes.
- Po atmosférico.
- Volcáns.
- Variacións da radiación solar incidentes.
- Influencia da Biosfera.

Ao longo da historia da Terra, os compoñentes do sistema terrestre sufriron cambios; é dicir, foron variando a ritmos diferentes en función dos axentes causantes dos cambios. É destacable o feito de que, na historia da Terra, a influencia da Biosfera foi clara desde o mesmo momento da súa aparición e os seus cambios e a súa evolución condicionou a evolución dos restantes subsistemas terrestres e, polo tanto, de toda a Terra.

O sistema Terra debe ser considerado en todos os ámbitos, como un recurso natural. É dicir, unha fonte de riqueza desde todos os puntos de vista.

Os recursos naturais poden clasificarse en: renovables, non renovables e potencialmente renovables. A Terra ten recursos naturais de todos os tipos, e a humanidade, coas súas actividades, debe facer uso deles dun modo sostible e razoable, sen perder de vista nunca o feito de que o non considerar á Terra como un recurso natural fai que se leven a cabo accións nas que se sobreexplotan e se degradan os compoñentes do sistema Terra, sen mirar as consecuencias.

Galicia é moi rica en biodiversidade e posúe recursos naturais de todo tipo. Os ecosistemas galegos son moi biodiversos e teñen unha gran riqueza en recursos; pero non todos teñen a mesma resistencia á degradación ou alteración (sobreexplotación e contaminación), o que é unha grave ameaza para os recursos naturais galegos.